

# MEMORIA DIDÁCTICA E DE MEDIACIÓN

## DANZA DA CHOIVA

Premio María Casares 2017 Mellor Espectáculo Infantil

### Que é o Elefante Elegante?

O Elefante Elegante é unha compañía de teatro que crea espectáculos visuais baseados no xesto e no movemento. As creacións do Elefante Elegante buscan a universalidade, xurdindo da fusión de diferentes linguaxes: o teatro físico, a danza, as artes plásticas e as artes visuais.

A compañía, de orixe galego-portuguesa, foi creada en 2007 por María Torres e Gonçalo Guerreiro e ten a súa sede na Coruña. Nace para dar forma artística ás súas inquedanzas sociais e existenciais.



O Elefante Elegante comezou como proxecto experimental no ano 2000 co nome de Teatro Escondido. Este proxecto viaxou durante sete anos entre Galicia, Bélxica e Portugal e del facían parte actrices e actores de diferentes países europeos. A súa interpretación baseábase no xogo corporal co obxectivo de desenvolver unha linguaxe teatral universal. Estes anos de

experimentación foron fundamentais para que poidera nacer o Elefante Elegante. Os nosos espectáculos teñen sido acollidos en Galicia, Castela, Portugal, Bélxica, Suiza, Francia e Italia.

**Neste ano 2017 recibimos o Premio María Casares ao Mellor Espectáculo Infantil por Danza da Choiva, protagonista desta guía didáctica.**

**Podedes visitar a nosa web para ver videos, imaxes e máis información sobre a compañía**

[www.elefanteelegante.net](http://www.elefanteelegante.net)

Tamén podedes poñervos en contacto connosco a traves de calquer enderezo mail dos que aparecen na web. Encantaríanos ter as vosas impresións sobre o espectáculo "Danza da Choiva". Esta feito para vós, polo que a vosas sensacións son moi importantes para nós.



***Pequenas guías para a guía:***

***- Danza da Choiva é un espectáculo adicado a un público infantil dos 3 aos 8 anos, por tanto esta guía ten contidos adicados ás diferentes idades ás que o espectáculo está dirixido. En cada proposta indícase a idade axeitada para a realización da actividade.***

*O material aquí presentado pode ser traballado de xeito autónomo no caso dos máis maiores e cunha maior intervención do mestre no caso dos nenos máis pequenos.*

*- Aínda que esta guía está concebida para ser traballada logo de ver o espectáculo, hai actividades que poden realizarse a modo de introducción previamente a asistir ao teatro. Estas están indicadas co seu enunciado.*



## Sinopse de Danza da Choiva

Que acontecería se de súpeto deixáse de chover? Non durante un mes, un verán ou un ano, senón para sempre? Esta é a pregunta que plantexa a **DANZA DA CHOIVA**, un espectáculo sen palabras onde conviven o teatro xestual, a danza, a manipulación de obxectos e os monicreques. **DANZA DA CHOIVA** trata un tema serio a través dunha posta en escena poética e visual. Os seus efectos cómicos, plásticos e oníricos advirten e divirten o público familiar e infantil a partir dos 3 anos.

A linguaxe xestual e visual que desenvolvemos no Elefante Elegante conduce a dramaturxia sen necesidade dun texto articulador. A nosa é unha dramaturxia que procura a emoción através da poesía durante o espectáculo e a posterior reflexión, nun marco aberto e non moralista onde cada espectador chege ás súas propias conclusións.

Chove. A auga da choiva é recollida en recipientes de metal esparcidos polo espazo. Escóitase un galo cantar. Chegan dous personaxes. Recollen verduras da horta e semean cereais.

Espantan un bando de paxaros que tenta comer as sementes que acaban de botar á terra e chantan un espantallo na horta para protexer o cultivo. Ao regar, decátanse de que non lles queda auga. Agardan que chova, pero non chove...

O tempo pasa e segue sen chover. O lugar está agora seco e deserto. Bailan unha "**Danza da choiva**" coa esperanza de facer chover. Choverá?

**Sobre a situación desenvolvida:**

**A partir de 3 anos:**

- Poñer os “Xestos en Palabras” ou “Historia en Círculo”: Propoñer que narren oralmente os acontecementos que se desenvolven no espectáculo. O círculo é a forma máis axeitada para esta dinámica. Cada un conta nunha frase un anaco de historia. O compañeiro do lado continua onde chegou o precedente e así ata rematar.
- Pedir aos alumnos e alumnas que debuxen o momento do espectáculo que máis gravado na memoria se lles teña quedado.

**A partir de 5 anos ( ou a partir de 3 coa axuda da/o mestre):**

- Porque seca o campo é a terra deixa de producir legumes?
- Porque os personaxes, tan cómplices ao inicio do espectáculo, deixan de falarse? É sempre doado compartir? Propoñer unha rolda de palabra sobre as dificultades de compartir. Que cousas nós custa máis compartir? Cando temos moito ou cando temos pouco?
- Porque deixa de chover? Pódese vivir nun lugar sen auga?
- Podería ter o espectáculo outro fin? Tiñan os personaxes outras opcións? Que máis poderían facer para sobrevivir?





### **Proceso creativo: Do campo para o escenario**

Non hai máis que ollar pola xanela do coche cando viaxamos para ver os efectos do CAMBIO CLIMÁTICO. Os campos están máis secos, os cultivos son moito máis difíciles de sacar adiante, incluso hai alertas polos niveis de auga nos encoros. E realmente aínda somos afortunadas, noutras latitudes miles de persoas, miles de familias, vense obrigadas a abandonar a súa terra, a terra dos seus ancestros para loitar pola súa supervivencia. Inician complicadísimos periplos para tentar chegar a unha terra onde poder construír un futuro, con comida, auga e terra fértil para traballar. A inquedanza que nos produce esta situación e a preocupación polo futuro do planeta que habita no corazón dos elefantes deixaron claro cal era o tema para a seguinte creación para a infancia. A idea comezou a traballar nas nosas imaxinacións e comezamos a contruír a historia.

A partir dos 3 anos:

**Sobre a Cambio Climático é as súas consecuencias**

(pode ser realizada antes de asistir ao espectáculo):

- Que é o Cambio Climático?
- Que cambios estamos notando na nosa vida cotidiana, aquí e agora?
- Que cambios podemos notar nos ecosistemas? Océanos, polos e continentes?
- Cal é a relación dos humanos co cambio climático?
- Que podemos facer na nosa vida diaria para contrarestar os seus efectos e incluso frealo?
- Cres que hai persoas que chegaron a Galicia fuxindo da fame e á seca producida polo cambio climático? Como cres que foi a súa viaxe? Cres que sinten a falta da súa terra? Cal é a diferenza entre emigrar e viaxar?

**Sobre o espazo escénico:**

O noso traballo consistiu en atopar unha proposta que nos permita evocar tanto a terra fértil como o deserto con linguaxe teatral -teatralidade- pero tamén con veracidade. Polo que temos constatado nos coloquios post espectáculo (co alumnado que asiste ás funcións escolares), a música, a iluminación, a proposta plástica e o xogo dos actores xerán moita veracidade. A modo de anécdota contavos que algunhas mestras cóntannos como cando por fin parece que vai chover algunhas nenas e nenos poñen a capucha para non mollarse.

- Preguntar ao alumnado que espazos se evocan no espectáculo.
- Que elementos escénicos inciden na sensación de falta de auga? Como se consegue dar a impresión de que pasa o tempo?



### Creación dramática propia

Tradicionalmente no teatro se representan pezas de autores dramáticos que as compañías escollen según os seus gustos e necesidades. Outra posibilidade é que ao Elefante Elegante lle convén máis é a de crear as súas propias historias para os espectáculos segundo as súas necesidades creativas.

Con **Danza da Choiva** queríamos falar de xeito lúdico sobre os efectos do cambio climático. Coa toma de consciencia do grave problema ambiental que vivimos como pano de fondo, botamos a andar para crear a nosa propia historia cos nosos propios personaxes, todo feito á medida!





### **Sobre a creación do espectáculo**

(Pode ser realizado antes de asistir ao espectáculo)

A partir de 6 anos coa guía da/o mestre

- Que autores de contos coñecedes? (Se está pregunta resulta difícil podemos pasar directamente á seguinte)
- Lembrádesvos do título dalgún conto?
- De que temas vos gustaría falar a vos se fosedes a crear unha historia?
- A través de que personaxes?

### **Actividade colectiva:**

1 - Facer unha escolma dos temas que máis interesan aos nenos e nenas.

2 - Escoller tres destes temas.

3 - Escoller os personaxes ideais para falar do tema que escolleron.

4 - Sentados en círculo, entre todos van construíndo a historia. É unha variante da primeira actividade descrita nesta guía. Sucesivamente e respectando a orden do círculo cada un inventa un anaco da historia. O seguinte continua onde o anterior o deixou. Cando chegue ao último a historia ten que estar rematada.

E así con cada tema seleccionado.



### **Temática do espectáculo**

Desta volta, como xa introducimos antes, o **cambio climático** será o eixo central do espectáculo. O planeta está nun proceso de transformación forzada pola actuación dos humanos. Os mares, a terra, a fauna, a flora e o aire que respiramos están nunha situación comprometida debido ao uso unicamente cortoplacista dos recursos naturais. A súa utilización é inconsciente e egoísta, como se o planeta fose unha posesión da raza humana. As consecuencias desta postura humana son catastróficas para as xeracións futuras pero tamén para as presentes:

- Perxudicando notablemente a saúde das persoas.
- Propiciando a extinción e sufrimento de moitas especies animais e vexetais.
- Forzando movementos migratorios de milleiros de persoas.

Obrigadas a abandonar lugares, onde se sobreviviu durante centenas de anos grazas ao cultivo da terra e que hoxe se tornaron desertos debido aos períodos de longas secas.

### **A desertificación**

Nós, certamente que vivimos nunha parte do planeta na que afortunadamente esta última situación está lonxe de producirse. Pero quizáis non tanto. Por iso, a situación que o espectáculo presenta pode parecer exótica pero é ben real. Este exotismo permítenos tratar o tema dun xeito poético e cunha comfortable distancia de análise ao mesmo tempo. Tomar consciencia desde novos de que é a nosa responsabilidade coidar o planeta e os seus recursos naturais parécenos pertinente social e culturalmente e á vez artisticamente estimulante. Na nosa **Danza da Choiva**, indicimos na importancia da auga, tesouro imprescindible para a vida.

Ao redor da cuestión principal xiran outros temas que alimentan a temática central e que ao noso parecer son fundamentais para o desenvolvemento das persoas, sexan cativos ou adultos. Son eles o **poder nas relacións** e a **solidariedade**. Estes vertebran as relacións dos personaxes en escena, dán pé ao nacemento de conflitos e a súa resolución.

A partir de 6 anos (ou de infantil coa axuda da/o mestre)

### **Actividade en equipo 1:**

Organizar grupos cos nenos e nenas da aula. Cada grupo fara tres listas. Unha que reflexe os sentimentos dela e del ao inicio do espectáculo, outra cando deixa de chover e unha última cando unha vez deciden que o único que poden facer e marchar dese lugar.

Cada grupo debe reflexionar sobre como e porqué foron cambiando os sentimentos de ámbolos dous personaxes. Ao final, un portavoz de cada grupo comparte as súas conclusións co resto da aula.

Tamén analizarán en tres fases a actitude do galo, personaxe que representa a autoridade ao inicio do espectáculo, pero que perde o seu poder ante a evidencia dos acontecementos.



## Posta en escena

### Linguaxe Xestual

No noso espectáculo os xestos substitúen ás palabras. Temos que atopar o xeito de comunicar e transmitir emocións a través do corpo e o movemento. **Danza da Choiva** podería ser presentado en calquer parte do mundo, xa que os espectadores seguirían en todo momento a historia. Esta experimentación sobre o movemento e a comunicación é a que lle da sentido ao noso traballo. Por outra banda para o Elefante Elegante hai unha estreita relación entre ensino e teatro. Ao noso ver o teatro, a expresión dramática, debería ser un elemento cotidiano na escola e non so como actividade extraescolar, senón con presenza curricular. Así e como acontece en países como Reino Unido ou Dinamarca, onde “Drama” é unha asignatura troncal da educación. A comunicación, a expresión oral, a consciencia corporal, é a autoestima son elementos vertebradores se seres humanos conscientes e respectuosos. Sirva esta guía didáctica para construír as pontes que nos faltan. Velaquí unha proposta máis “teatral” que oxalá sexa do voso agrado.

A partir de 6 anos (ou desde infantil coa axuda da/o mestre)

### **Actividade en equipo 2:**

Partindo da listas de sentimentos confeccionada na **Actividade en equipo 1**, escribimos as palabras en anaquiños de papel. Dobrámoslos ben para que non se vexa á palabra escrita e metémolos nunha caixiña. Por quendas e un a un, van escoller un anaco de papel. Agora, fronte ao seu “público” teñen que expresar co corpo e o rostro a emoción escrita no papel. Os compañeiros e compañeiras van tentanto adiviñar a emoción proposta. E importante que o


nenos-actores non se desanime e insista na súa determinación, probando incluso xestos diferentes se ve que a súa primeira proposta non é clara de todo, non sempre é fácil adivinar á primeira!!

\*\*\*\*\*

Boa sorte e mil grazas por ter escollido asistir ao teatro e darlle tempo ao espectáculo na vosa aula. Ah... e sobre todo: Disfrutade coas actividades propostas tal e como nós facemos no escenario!

Estaremos encantados de resolver calquer dúbida que poida xurdir. Tamén podeades contactarnos para compartir impresións!

Apertas elefantas!



elefanteelegante  
teatro

## CONTACTO

[www.elefanteelegante.net](http://www.elefanteelegante.net)

[www.facebook.com/elefanteelegante](https://www.facebook.com/elefanteelegante)

María Torres (0034-606257239) [maria@elefanteelegante.net](mailto:maria@elefanteelegante.net)

Agustin Bolaños (0034-655447887) [info@elefanteelegante.net](mailto:info@elefanteelegante.net)

Trailer: <https://youtu.be/ZaybmCLWkIk>